



**CONCELLO
DE CEDEIRA**

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLE PARCELAS 19-20, 37-38 DO PARQUE EMPRESARIAL DA TRABE (CEDEIRA)

Con data 9 de novembro de 2010 a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación inicial do estudio de detalle, presentado por D. Alejandro Díaz López en representación de Galician Audio Research Center, S.A., co obxecto de definir a ordenación de volúmenes correspondentes á agrupación de parcelas 19-20 e 37-38 da zona Z3 do Parque Empresarial de A Trabe, redactado por Antonio Piñeiro Conchado, visado polo COAG na data 25.10.10, condicionado a que se acredite a propiedade das parcelas a favor de Galician Audio Research Center, S.A., ou de non ser éstos os propietarios se acredite a aceptación polos propietarios que representen o 50% da superficie do ámbito de detalle.

O dito acordo supón a suspensión de outorgamento de licencias no ámbito regulado polo Estudio de detalle por un prazo máximo de dous anos ou ata que se acorde a aprobación definitiva se fose anterior.

Sométese a información pública por prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte ó da última publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

Durante o dito prazo as persoas interesadas poderan examinalo seu contido presentándose na casa do Concello de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas e presentalas alegacións que consideren oportunas.

Cedeira, 16 de novembro de 2010.

O ALCALDE,
Asdo.- José Luis Vergara Rey